

# PLAN DE ACOLLIDA



## **INTRODUCCIÓN:**

A situación actual que estamos afrontando de emerxencia sanitaria e social polo COVID-19 foi declarada pola Organización Mundial da Saude (OMS) como pandemia. Esta clasificación está incluída dentro da categoría de catástrofe global, e implica unha dor e un impacto non só nas persoas e familias senón tamén no grupo e na comunidade.

Agora que os alumnos e alumnas volven ao cole e se retoma a normalidade, o profesorado e as familias teñen nas súas mans que a seguridade retorne canto antes.

O centro educativo é un espazo moi axeitado para accións preventivas e de restablecemento tras unha situación de gran impacto.

Por iso, consideramos que a atención ao benestar emocional dos nenos/nenas e adolescentes, coma un obxectivo prioritario a calquera acción curricular e así facilitar que o alumnado estea nas mellores condicións para poder dar resposta á vida tralo regreso as aulas.

## **OBXECTIVOS:**

- a) Coñecer as novas normas de organización e funcionamento do noso centro.
- b) Facilitar a incorporación do alumnado ó centro escolar.
- c) Identificar as medidas de prevención, hixiene e protección fronte o Covid-19.
- d) Traballar aspectos emocionais/ sociais.
- e) Adquirir unha mellor competencia dixital, que permita, no caso de ensino non presencial, ter acceso á Plataforma EDMODO e as das editoriais ( 3º, 4º, 5º e 6º EP)

### **a)Coñecer as novas normas de organización e funcionamento do noso centro.**

- Neste curso que entra, temos que ter en conta as circunstancias vividas para poder volver a unha nova normalidade e facilitar ó noso alumnado a súa incorporación ó centro escolar, tendo como referente que na volta ás clases debe primar a seguridade de todos/as os membros da Comunidade Educativa.
- Resumimos as novas normas de organización e funcionamento do centro e as actuacións de prevención, hixiene e protección, nunha presentación resumo para as familias e o profesorado que poden consultar premendo no seguinte enlace á nosa web.

<http://colexiosantotomas.com/index.php/component/k2/item/509-resumo-das-medidas-preventivas-covid-19>

- Para informar correctamente sobre a importancia do cumprimento destas novas normas e o seu desenvolvemento, planificaronse reunións coas familias de cada curso.
- Tamén se lles repartiu todo o material escolar e libros dos seus fillos/as, evitando que o peso nas mochilas dos fillos/as e minimizando a manipulación dos mesmos.
- Celebráronse no patio exterior cuberto, mantendo todas as medidas de protección necesarias e coa presenza dun único proxenitor por familia.

As datas e horarios das reunións foron as seguintes:

Xoves, 3 de setembro:

09:30: 1º Educación Primaria

10:30: 5º Educación Infantil (4 anos)

12:00: 6 Educación Infantil (5 anos)

13:00: 2º Educación Primaria

16:30: 4º Educación Primaria

17:30: 5º Educación Primaria

18:30: 3º Educación Primaria

Venres, 4 de setembro:

12:00: 4º Educación Infantil (3 anos)

13:00: 6º Educación Primaria

Martes, 8 de setembro:

09:30: 1º Educación Secundaria

10:30: 2º Educación Secundaria

12:00: 3º Educación Secundaria

13:00: 4º Educación Secundaria

Tamén consideramos importante que o primeiro día de clase se organice dun xeito especial, permanecendo o titor na clase cos alumnos para así informarles das novas normas de organización e funcionamento do centro en coordinación cos profes especialistas, que informarán das peculiaridades da súa área.

### **b) Facilitar a incorporación do alumnado ó centro escolar.**

- O primeiro día de clase o titor procurará facer algún xogo de presentación, naqueles grupos nos que se incorporen alumnos/as novos/as. Se non hai alumnos novos o xogo irá encaminado a coñecerse mellor.(ver anexos con actividades)
- Tamén se realizará algunha actividade que lles permita falar ou expresar a experiencia vivida durante os meses que estiveron confinados.(ver anexo con actividades)
- Para o alumnado de secundaria que se incorpora ao centro por primeira vez, realízase unha visita o día 14 de setembro guiada pola súa titora, cos seguintes obxectivos:
  - coñecerse entre eles/as
  - facer o camiño de entrada e saída
  - ensinarlle as súas aulas
  - amosarlles as zonas delimitadas de recreo o comedor e outros espazos significativos para eles.

### **c) Identificar as medidas de prevención, hixiene e protección fronte o Covid-19.**

É importante que se realicen actividades que inclúan o coñecemento dos síntomas da enfermidade do Covid-19, como actuar ante aparición de síntomas, medidas de distancia física e limitación de contactos, hixiene de mans e resto de medidas de prevención persoal, uso adecuado da máscara, conciencia da interdependencia entre os seres humanos e o entorno e fomento da corresponsabilidade na saúde propia e na saúde dos outros. O material de apoio na web do ministerio de sanidad ten un montón de recursos a vosa disposición.

<https://estilosdevidasaludable.sanidad.gob.es/>

#### **d) Traballar aspectos emocionais/ sociais.**

- A comunidade educativa, en especial o grupo de menores e adolescentes son unha poboación susceptible de verse afectada polo impacto dunha situación destas características debido entre outros factores a que o seu cerebro se atopa en fase de desenvolvemento o que provoca que os eventos estresantes que non sexan debidamente procesados afectarán as habilidades/destrezas/funcións que aínda se atopan en desenvolvemento, producindo un efecto a medio-largo prazo.
- Prodúcese un estrés acumulativo porque a situación dura meses. A ameaza é invisible o virus non se ve a simple vista. É algo sobre o que non temos control. Toda a comunidade educativa está exposta.
- Para poder axudar aos cerebros dos nenos e nenas a procesar este evento a desenvolver unha maior adaptación e a minimizar a posibilidade de futuros problemas, é necesario un relato coherente do ocorrido e a transmisión de SEGURIDADE.
- Un dos síntomas que presenta o alumnado e nos pode facer detectar problemas na asimilación da situación actual é o estrés – ansiedade. Por isto o anexo contén tamen propostas relacionadas coa relaxación e o ioga para pequenos e maiores.
- Neste curso resultará especialmente importante a comunicación e a xestión das emocións por parte do alumnado ao profesorado e aos titores.
- As interaccións entre toda a comunidade escolar son moi diferentes as que habitualmente se establecían no centro. Por iso faremos varias propostas nos anexos, das que podedes elixir ou seleccionar a que máis os guste para o voso grupo.
- A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contagiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro, compañeira ou o profesorado contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoiálo e coidalo emocionalmente.
- O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.
- O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se expresen, a que transmitan emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contagios .

**e) Adquirir unha mellor competencia dixital, que permita, no caso de ensino non presencial, ter acceso á Plataforma EDMODO e as das editoriais ( 3º, 4º, 5º e 6º EP)**

- O equipo TIC será o encargado de implantar, formar e coordinar tanto ó profesorado como ó alumnado durante o mes de setembro, en previsión dun ensino a distancia.
- Durante este mes, celebróuse unha sesión formativa para o profesorado do centro, co obxectivo de coñecer e darse de alta na plataforma EDMODO, que será utilizada no suposto de un novo confinamento.
- Tralo inicio do curso, coordinado polos titores e o responsable TIC, os alumnos/as recibirán formación en EDMODO, e se lles facilitará unha conta usuario así coma as súas claves, por se fose necesario utilízalas.

O centro empregará:

1. Educación infantil: Plataformas educativas das editoriais e correo electrónico.
2. Primaria: Plataformas educativas das editoriais, EDMODO e correo electrónico.
3. Secundaria: EDMODO e correo electrónico.

Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:

- Aplicación Tokapp schooll, dende a que se recibirán notificacións, mensaxes e información do centro.
- Correo electrónico: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa do centro:  
[cpr.santotomas@edu.xunta.es](mailto:cpr.santotomas@edu.xunta.es)